

Amalia, Amelia e Emilia.

Hai bruxas morenas e bruxas louras.

Ás veces é difícil comprobalo, xa que nos relatos as bruxas adoitan aparecer maiores, cos seus cabelos xa brancos.

Ademais case sempre levan a cabeza cuberta: panos negros, estraños chapeus, gorros espantosos con cintas que se despregan ao vento...

Amalia

A Amalia non é unha xoven, pero tampouco unha vella. Aínda o seu pelo longo e un pouco rizado conserva a súa cor. Aínda non lle chegou o momento de volverse branco.

Pero, aínda que pareza mentira, Amalia non é nin morena nin loura.

De nena, e vista por detrás, a súa cabeza parecía un xigantesco tomate ben maduro. Pero, coa idade, o seu cabelo perdeu algo de brillo e fíxose máis áspero. Por iso na actualidade parece, máis ou menos, unha cenoria.

Tal vez Amalia sexa a bruxa máis pelirroxa do mundo enteiro. É difícil sabelo. Pero non hai dúbida de que é a bruxa máis pelirroxa de toda Urbecualquera, qua así se chama a súa cidade e os seus arredores.

E como boa pelirroxa, a cara de Amalia e todo o seu corpo están cheos de preciosas pencas.

As pencas parecen estar vivas. No inverno, co frío, non se notan apenas. Están como durmidas ben acurrucaditas.

Pero no verán, coas cores da Urbecualquera, as pencas espértanselle, éñchense de cor e parece que ata bailan nos mofletes redondos da súa cara. Unha bruxa é considerada moza ata que cumpre os trescentos ou catrocentos anos, aproximadamente.



Amalia, ata que cumpriu os catrocentos trinta anos e dous anos, dedicouse a viaxar polo mundo. Quería coñecelo todo, ata o máis afastado e escondido recuncho.

Pero agora, con cincocentos cincuenta anos ás súas costas, máis ou menos na metade da súa vida, vive tranquila e feliz nunha cidade tan normal e corrente como Urbecualquera ...

Amelia

O primeiro que convén dicir de Amelia é que non se chama Amelia.

O seu verdadeiro nome era Zalumba – Sagora – Bonidirubambo. Tiña os mesmos anos que Amalia e nacera nun país situado en plena África negra.

Era moi alta e moi delgada como todas as mulleres da súa tribo. E cando sorría, cousa que facía acotío, os seus dentes brancos brillaban como a lúa chea no medio da noite...

Emilia

O corpo de Emilia parecía unha pelota xigantesca, como esas de cores coas que xogas na praia.

Todo en Emilia eran curvas, e as súas medidas, aínda que as tomaras por onde as tomaras, sempre resultaban as mesmas.

Medía exactamente igual de ancho, que de fronte que de lado.

Gustáballe poñerse roupa de vistosas cores: azuis como o mar, marróns como a area do deserto, verdes como os bosques de piñeiros... por iso, ás veces parecía un globo terráqueo en movemento.

Alfredo Gómez Cerdá

Amalia, Amelia y Emilia. Ed. SM

COMPRENSIÓN LECTORA

1. De qué cor é o pelo de Amalia agora?

- a) Roxo.
- b) Laranxa.
- c) Branco.

2. Cómo podemos saber si una bruxa é moi maior?

- a) Pola sua estatura.
- b) Pola cor do seu pelo.
- c) Pola sua forma de vestir.

3. Una bruxa considerase xoven ata que cumpre...

- a) ...300 o 400 anos.
- b) ...400 o 500 anos.
- c) ...500 o 600 anos.

4. Cómo era Amelia?

- a) Moi alta e gorda.
- b) Moi baixa e delgada.
- c) Moi alta e delgada.

5. Cantos anos ten Amelia?

- a) Menos de 550 anos.
- b) Ten 550 anos.
- c) Ten máis de 550 anos.

6. De qué cor lle gusta vestirse a Emilia?

- a) De cor negro.
- b) De cor gris.
- c) De cores vistosos.